




GALLAECIA RAID



XII TRAIL E ANDAINA ORIENTACIÓN CULLEREDO GALLAECIA RAID

Aínda que este ano estabamos a planear unha carreira de adestramento mais sinxela para celebrar o noso aniversario, finalmente decidimos manter a tradición do noso Trail e Andaina de Culleredo. Celebramos o noso 20 aniversario e a XII edición desta proba na que seremos 263 participantes. Moitos fieis seguidores deste evento de Orientación do clube que compartirán con nos a nosa celebración. Grazas a todos por acompañarnos.

1. RECOMENDACIONES DE ULTIMA HORA

A proba celebrárase en Ledoño, Concello de Culleredo.

Centro de competición: Pista polideportiva Ledoño. Secretaria, saída e meta.

<https://maps.app.goo.gl/KUqwCdijxMaZ9fdLA>



GALLAECIA RAID

Aparcamiento:



2. HORARIOS

SECRETARIA:

Apertura 9:00 a 10:00

Será obligatorio pasar por secretaria antes do comenzo da proba para a recollida do dorsal e tarxeta de control.

SAÍDA:

10:00: Trail Longo

10:05: Trail Curto

10:10: Andaina

META:

O remate da proba contabilízase cando cada corredor chegue o arco de meta. Antes deberán ter rexistrados na tarxeta de control os puntos de control elixidos no seu percorrido.



GALLAECIA RAID

Na meta se recollerán as tarxeta de control no punto ubicado para cada percorrido para a súa revisión.

PECHE:

O peche de carreira será as 13:30, a partir desa hora comezarán a retirarse as balizas do terreo.

ENTREGA DE TROFEOS

Haberá trofeos para os 3 primeiros clasificados masculinos e femininos no Trail Curto e o Longo. ,

Hora prevista para a entrega de Trofeos: 13:30

A andaina non será competitiva, polo que non haberá trofeos para esta categoría.

3. MATERIAL

Teléfono móvil (e necesario levar movil para casos de emexencias)
(Poderase levar un movil por grupo de participantes no caso de realizar a andaina)

Material recomendable, Chubasquero ou cortaventos, Compás e Mochila de hidratación ou bidón.

4. COMENTARIOS DO TRAZADOR

Como a maioría de vós xa sabedes, esta carreira é unha carreira a pé pero nun mapa con alguna particularidade que usase nos mapas de OBM (orientación en bicicleta). Isto significa que os camiños e sendeiros están representados segundo a súa anchura e percorrido, e polo tanto, tamén pola dificultade de percorrelos. Os camiños debuxados na rocha a miúdo non son visibles no chan. Ademais, o mapa de vexetación é moi básico, o que o fai pouco fiable para posibles atallos.

Este ano quixemos engadir un pouco máis de elemento de orientación, creando unha ruta que vos faga pensar máis; así, a maioría dos tramos entre puntos de control teñen dúas ou máis rutas posibles, o que vos animará a dividir e atopar a mellor opción; incluso pode que teñades que arriscarvos nalgúns tramos. As rutas serán algo máis curtas pero igual de esixentes fisicamente.



GALLAECIA RAID

Os mapas terán impresas as marcas dos puntos de control e tamén os colgaremos na zona de quecemento para aqueles que non estean familiarizados cos símbolos, para que poidades comentalos ou preguntar sobre eles.

Con motivo do noso aniversario, queremos voltar as carreiras tradicionais, onde non hai cronometraxe sportident, senon a entrada manual de tarxetas de cronometraxe. Para tentar reducir a aglomeración, colocaranse dous puntos de control no primeiro e no último; podedes marcar calquera deles.

Agradeceríamos que os inscritos na andaina (non competitiva) cedan paso aos competidores das carreiras Trail, longo e curto, e faciliten sexan adiantados por eles se coinciden no mesmo percorridos. No caso de atopalos no sendeiro ou nos puntos de control faciliten o paso e teñan prioridade estes participantes polo seu formato competitivo, a diferenza dos da andaina.

O terreo do mapa fai que, un ano máis, o comezo das rutas teña un desnivel significativo e o final sexa unha baixada moi rápida. O estado roto dos camiños, as pendentes pronunciadas, as rochas e a choiva acumulada nos últimos días requiren unha precaución adicional para evitar esvaramentos ou tropezos. É esencial calzado con boa adherencia e roupa impermeable.

O tramo final implica pasar por un pequeno túnel (que cruza por debaixo da antiga vía férrea) cunha superficie moi rota e irregular; instálase iluminación para facilitar o paso e estará sinalizado. Non obstante, este tramo pódese evitar utilizando outro camiño, un pouco máis longo, que cruza a antiga vía férrea. Non haberá marcas nos túneles.

Todas as rutas requirirán camiñar 150 metros por unha estrada secundaria con tráfico aberto, pero moi pouco transitado; en calquera caso, débese ter moita precaución e camiñar polo lado esquerdo da estrada.

Agardamos que o tempo acompañe e que gocedes un ano máis da nosa ruta por Ledoño.